

PROBA DE ACCESO A 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

MATRÍCULA

Enviar ao correo electrónico matricula.cmus.xanviano@edu.xunta.gal a seguinte documentación:

- Foto ou escáner do Impreso da matrícula **debidamente cuberto** con LETRA MAIÚSCULA xunto cunha imaxe do **DNI ou do libro de familia do alumno/a**.

INTRODUCCIÓN

A idade mínima de acceso é de 8 anos e a máxima de 14, cumpridos ou a cumprir dentro do ano natural.

A proba de acceso ao primeiro curso de Grao Elemental consiste nunha valoración de aptitudes que se consideran básicas para iniciar estudos musicais. En ningún caso se avaliarán coñecementos musicais previos. Réxese polo establecido no decreto 198/2007 do 27 de setembro (ordenación do Grao Elemental das ensinanzas de Réxime Especial de Música).

DESCRIPCIÓN PROBA DE ACCESO A GRAO ELEMENTAL (GE)

A proba de acceso a GE constará de 3 exercicios con 5 apartados cada un.

1. Exercicio de imitación rítmica-psicomotriz con percusión corporal:

O/A profesor/a realiza un patrón rítmico breve con percusión corporal e o/a aspirante debe imitar o patrón rítmico e realizalo cos mesmos elementos corporais (pés, mans sobre xeonllos, palmas, chasquidos, ...).

2. Exercicio de imitación melódica:

O/A profesor/a realiza un patrón melódico coa voz e o/a aspirante debe imitar ese patrón coa súa voz.

3. Exercicio auditivo:

O/A profesor/a toca ao piano un par de sons consecutivos e o/a aspirante debe dicir cal das dúas notas é máis aguda: a primeira ou a segunda.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PROBA DE ACCESO A GE		
Imitación rítmica-psicomotriz	Imitación melódica	Exercicio auditivo
40 %	40 %	20 %

Observacións:

Antes da realización da proba, o tribunal presentará a estrutura dos exercicios aos aspirantes. Con este fin, ensaiarase a realización de exemplos prácticos coa participación activa dos/das aspirantes. Deste xeito, os/as aspirantes terán oportunidade de coñecer de xeito práctico e experiencial en que consiste a proba previamente á súa realización.